



Parmotrema perlatum (Huds.) M. Choisy

É unha especie común en Galicia e de ampla distribución nas zonas húmidas.

Medra preferentemente nos troncos e polas das árbores (fotos 1 e 2) e sobre musgos nas rochas. Evita as cidades contaminadas.

Talo foliáceo, gris, de superficie lisa, forma rosetas de 3-20 cm de diámetro (foto 1).

Os lóbulos son planos, cóncavos e polo xeral ascendentes, de ata 1,5 cm de ancho, en ocasións medran pequenos cílios marxinais negros (foto 5). Os sorais, da mesma cor do talo, están situados nos ápices dos lóbulos (foto 4). Raramente fértil.

Á cara inferior é negra, tendo os márxenes castaños e libres de ricinas (foto 3).

Fotobionte: alga verde tipo clorococcoide.

Reaccións: córtex K⁺ amarela, medula branca K⁺ amarela e P⁺ laranxa intenso.